

galicia

Lecer 
Consumo

ACTÍVATE CO
LECER!

Información e solicitudes:

Instituto Galego do Consumo e
da Competencia

consumo.xunta.gal
igc.escola@xunta.gal

Enderezo:

Avenida de Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo
15707 Santiago de Compostela

Teléfonos:

881 999 092 / 881 999 093

Lecer 
Consumo

ACTÍVATE CO
LECER!



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

**ACTIVIDADE:
A MAXIA DO LECER**

Idade: 3 a 7 anos.

Duración: 45 minutos.

Descrición: Narración dun conto baseado no consumo responsable e na idea principal de que non é preciso mercar xoguetes para disfrutar do lecer. A continuación os nenos e nenas crean o seu propio xoguete (unha variña que utiliza unha personaxe do conto narrado previamente).

**ACTIVIDADE:
ACTÍVATE NO VERÁN**

Idade: 8 a 12 anos.

Duración: 1 hora e 30 minutos.

Descrición: Realización dunha xincana onde os grupos teñen que superar diferentes probas, nas que se traballan cuestións relacionadas co consumo responsable. A continuación, cada grupo diseña un plan ("o planazo"), propoñendo unha xornada de lecer que inclúa alternativas de lecer. O resultado final gravarase nun vídeo, que participará nun concurso a través do *Facebook* da Escola Galega de Consumo.

LecerConsumo

LecerConsumo é un programa estacional que desenvolve a Escola Galega do Consumo nos meses de verán. A través do concepto de lecer responsable trabállanse diversas temáticas relacionadas co consumo: a publicidade, o comercio xusto, ou as TIC.

Está dirixido a todas as idades e a oferta formativa adáptase aos distintos intereses e necesidades de cada unha delas. As actividades son de carácter lúdico e participativo, como non pode ser doutro xeito no período estival, pero a un tempo pedagóxicas e promotoras da aprendizaxe colaborativa.

A actividade é de balde. Pódense consultar as condicións de participación nos seguintes medios:

Teléfonos: 881 999 091 / 881 999 075

Fax: 881 999 089

E-mail: igc.escola@xunta.es

Web: consumo.xunta.gal

www.facebook.com/escolagalegaconsumo

**ACTIVIDADE:
DE OCA A OCA, OS DEREITOS NON SE TOCAN**

Idade: 13 a 17 anos.

Duración: 1 hora.

Descrición: Actividade na que os rapaces e rapazas participantes xogan ao xogo da oca xigante, cunha dinámica de preguntas e respostas relacionadas cos dereitos e deberes que nos asisten cando viaxamos.

**ACTIVIDADE:
EDUCANDO NUN LECER RESPONSABLE**

Idade: 18 en diante.

Duración: 1 hora.

Descrición: Charla participativa dirixida a persoas adultas e centrada en como fomentar nos nenos e nenas un lecer responsable e saudable, evitando o exceso de actividades sedentarias, o consumismo ou o uso abusivo das novas tecnoloxías. Daranse unha serie de pautas para favorecer un lecer responsable dentro da vida familiar.